

# Deconstruíndo o sistema da ensinanza pública

{A POUSADA NO CAMIÑO}

Xoán Antón Pérez Lema\*



AS SUBSTANCIAIS reformas educativas promovidas polo Goberno do Estado amosan, máis aló das eventuais xustificacións baseadas na falla de recursos, unha axenda do Partido Popular tendente a un empobrecemento estrutural da economía española e a un afondamento das desigualdades sociais, minimizando os instrumentos para acadar os niveis de inclusión e cohesión social comúnmente esixidos na Europa toda dende o pacto social que deu orixe ao Estado do Benestar, a mediados do século XX.

No ensino universitario, a redución das bolsas e máis o substancial incremento das taxas universitarias afastarán irremediábelmente del moitos milleiros de cidadáns das nosas clases medias e populares.



Independentemente da oportunidade dalgúns reformas substantivas que poderían establecer uns mínimos de aproveitamento (que hoxendía non están garantidos) a xeneralización dos recortes e máis a carencia absoluta dun estudo previo dos seus efectos farán das nosas

Universidades unhas institucións moito máis elitistas no seu acceso.

Porque os requisitos de mérito e capacidade han ser avaliados tratando de xeito desigual aos desiguais, para garantir de xeito efectivo o equilibrio social e a promoción académica e profesional das persoas que parten de situacións desvantaxosas. Moito máis nun tempo que require de moitos dos nosos parados mozos dun esforzo de superación para axectar a súa formación ás esixencias dunha economía moderna e competitiva.

As reformas do Bacharelato van polo mesmo camiño, orientadas a limitar a oferta dos distintos modelos de Bacharelato e, xa que logo, a impedir o progreso académico da mocidade vencellada ao medio rural e aos sectores urbanos máis desfavorecidos, obrigando a escollos temperás que afastarán a milleiros de estudantes dos currículos do Bacharelato que mellor serven de acceso ás titulacións científicas e técnicas.

Teremos menos estudantes e, xa que logo, menos xente formada.

\*O autor é avogado

## Galiza Nova e Comités chaman á folga estudiantil contra a suba de taxas o vindeiro 10 de maio

Cualifican a medida de socialmente inxusta e como un paso máis cara á privatización universitaria

**Santiago.** Acaba de ser publicada no *Boletín Oficial del Estado* vía decreto lei, e xa hai data para unha folga contra ela. A organización xuvenil do Bloque Nacionalista Galego, Galiza Nova, e a estudiantil Comités veñen de convocar unha xornada de protesta contra a suba das taxas universitarias para o vindeiro 10 de maio. A intención é frear a entrada en vigor da "maior suba de taxas de matrícula da historia", un ataque sen precedentes, ao seu xuízo, ao ensino público.

"Con esta decisión, o Partido Popular fai recaer unha parte moi importante do custo dos estudos sobre o estudiantado nun momento de graves dificultades económicas para a maioría das familias", apúntase dende as dúas organizacións. "É unha medida socialmente inxusta, e que só servirá para agravar a crise", apunta Iria Aboi, secretaria xeral de Galiza Nova. "O PP avanza a pasos axigantados na privatización da universidade pública", engade Daniel Candal, dos Comités.

As organizacións convocantes manteñen "aberta a todo tipo de apoios" a convocatoria da xornada de folga estudiantil, de cara á que desenvolverán unha campaña informativa "e de axitación" nos centros universitarios, e nas redes sociais, para acadar un apoio masivo ás mobilizacións, previstas nas sete cidades galegas, nas que están presentes as tres universidades da comunidade autónoma.

A suba de taxas deberá cubrir polo menos o 15% do gasto real da docencia que recibe o alumnado e ata un máximo do 25% na primeira matrícula. O custo irase encarecendo nas posteriores convocatorias, ata poder chegar a cubrir o 100% a partir da cuarta. A idea é, di a norma, "aproximar gradualmente a cuantía aos custos de prestación de servizos, tomando así mesmo en consideración o esforzo académico".

**O CUSTO ÍNTEGRO PARA OS ESTRANXEIROS.** Tamén se prevé a posibilidade de que os estudantes estranxeiros cobren o 100% do custo da formación de grao e máster no caso de que non teñan a condición de residentes nin sexan cidadáns de países da Unión Europea. **x. c.**

# FIEP '2012

FERIA INTERNACIONAL DE ESTUDIOS DE POSTGRADO

**¿QUIERES UNA BECA PARA UN MÁSTER?**

**VEN A FIEP**

**SANTIAGO de Compostela**

**24 de abril**

**de 16 a 19 h.**

**Hotel Monumento San Francisco**

**C/ Campillo de San Francisco, 9**

**Autobús: 6**

**CENTROS PARTICIPANTES**

- ADM Business School
- Centro de Estudios Garrigues
- CESIF
- CTO Business Excellence School
- CUNEF (Colegio Universitario de Estudios Financieros)
- EADA
- Elisava Escuela Superior de Diseño e Ingeniería de Barcelona
- EOI Escuela de Organización Industrial

- ESADE
- ESCP Europe
- Escuela de Negocios Novacaixagalicia
- Escuela de Periodismo y Comunicación de Unidad Editorial
- Escuela Europea de Negocios
- ESIC Business & Marketing School
- EUDE - Escuela Europea de Dirección y Empresa
- Glion Institute of Higher Education Suiza

- IE (Instituto de Empresa)
- IEB
- IEF Institut d'Estudis Financers
- Instituto de Formación Financiera y Empresarial
- IQS (Universidad Ramón Llull)
- ISDE
- IUCT
- La Salle - Campus Barcelona
- Le Cordon Bleu

- MSMK, Madrid School of Marketing
- Nebrija Business School
- Postgrado CEU
- Universidad de Deusto
- Universidad Francisco de Vitoria
- Universidad Pontificia Comillas
- Universitat Pompeu Fabra, Barcelona
- U-tad, Centro Iniversitario de Tecnología y Arte Digital

Organiza: **círculo formación**

T 91 352 7745  
www.circuloformacion.es  
info@circuloformacion.es

Medio Oficial de Comunicación: **Emprendedores & EMPLEO**

Colabora: **educaweb.com** **La Voz de Galicia**

facebook [www.facebook.com/CirculoFormacion](http://www.facebook.com/CirculoFormacion)